

Ó PLENO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS: 07/2025 (EXT. 06/25 e SUP.06/25) [CIVIDAS: 2025074058]

PROPOSTA DE ACORDO

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2025008021, de data 3 de outubro de 2025, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 07/2025. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 06/25) por importe de 12.287,75 € e outro de suplementos de créditos (SUP.06/25) por importe de 29.000,00 € e a modificación do Anexo II das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente (corresponde á anualidade 2025 das achegas de fondos propios de proxectos cofinanciados), financiándose con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Resultando que a Intervención emite informe de data 14 de novembro de 2025, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 07/2025.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 07/2025 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 06/25) por importe de 12.287,75 € e outro de suplementos de créditos (SUP. 06/25) por importe de 29.000,00 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:



1.- Crédito Extraordinarios "EXT. 06/25":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942.4328.120,51	Soldo func. interinos sen praza, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	2.500,00 €
942.4328.120,52	Trienios func. interinos sen praza, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	250,00 €
942.4328.120,53	Paga extra func. interinos sen praza, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	250,00 €
942.4328.121,51	C. Destino Func. Interinos sen praza, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	2.000,00 €
942.4328.121,52	C. Específico Func. Interinos sen praza, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	2.000,00 €
942.4328.160,00	Seguridade Social, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	3.000,00 €
942.4328.227,06	Estudios e traballos técnicos, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	2.287,75 €
	Total Créditos Extraordinarios...	12.287,75 €

Financiamento do expediente Crédito Extraordinarios "EXT. 06/25":

O expediente finansiase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,01	<i>Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...</i>	12.287,75 €
	TOTAL...	12.287,75 €

2.- Suplementos de Créditos "SUP. 06/25":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-1612-227,99	Traballos realizados por outras empresas (Prox. 2500002 Mell. Xestión da auga no ámbito rural Provincia de Pontevedra)_COOPERACIÓN	29.000,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	29.000,00 €

Financiamento do expediente Suplementos de Créditos "SUP. 06/25":

O expediente finansiase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,02	<i>Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Créditos...</i>	29.000,00 €
	TOTAL...	29.000,00 €



Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	29.000,00 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	12.287,75 €
SUMA...	41.287,75 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impostos directo.	0,00 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	0,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	41.287,75 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	41.287,75 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	41.287,75 €

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	10.000,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	31.287,75 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 6º Invetimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	41.287,75 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	41.287,75 €



3.- Modificación do Anexo II das bases de execución, modificando as subvencións nominativas seguintes:

Onde se establecía:

340- DEPORTES

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
25/340.3410.489.02	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ACTIVIDADES DEPORTIVAS	1.370.000,00 €	
G36644862	Real Federación Galega de Vela	50.000,00 €	Proxecto Rías Baixas Sailing Week

Modifícase polo seguinte:

340- DEPORTES

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
25/340.3410.489.02	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ACTIVIDADES DEPORTIVAS	1.370.000,00 €	
G36623346	Monte Real Club de Yates de Baiona	50.000,00 €	Proxecto deportivo Rías Baixas Sailing Week

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 07/2025 que inclúe créditos extraordinarios (EXT. 06/25) por importe de 12.287,75 €, suplementos de créditos (SUP.06/25) por importe de 29.000,00 €, mais as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 07/2025, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularan reclamacións contra o mesmo.

Non obstante o Pleno resolverá

Asinado dixitalmente ao marxe.

